



O CSMVigo, cando teña noticias do contaxio dun alumno/profesor/persoal non docente facilitará os datos dos contactos do afectado na contorna educativa á Administración sanitaria e educativa a través da plataforma EduCovid. A partires dese momento, serán os responsables sanitarios os que concreten quenes son os **contactos estreitos** e cales son as **medidas necesarias** en cada caso individual ou co grupo en xeral. Ditas medidas (proba PCR, corentena) serán comunicadas polos profesionais sanitarios directamente aos afectados, que deberán comunicalo a súa vez ao equipo Covid do centro.

O CSMVigo informará mediante correo electrónico/chamada telefónica aos alumn@s da/das clases onde se localizou o caso para que ningún do grupo acuda ao centro, polo menos nas próximas **24h**, mentres os responsables de saúde analicen os contactos e diten instrucións.

En principio a actividade docente continuará de forma habitual; **SÓ SERÁ SANIDADE, TRAS O RASTREXO PERTINENTE, A QUE PAUTE A FORMA DE ACTUAR, INDIVIDUAL OU COLECTIVA, NO CENTRO.**

En todos os casos, á comunidade educativa do centro chegaralle un aviso xenérico, segundo modelo establecido pola Xefatura Territorial de Sanidade a través do correo @csmvigo.com, coa referencia á aparición dun ou varios casos no centro e as instrucións básicas de funcionamento. **EN NINGÚN CASO SERÁ O CENTRO O QUE TOME DECISIÓNS DE NINGÚN TIPO NIN ESTARÁ AUTORIZADO Á TRANSMITIR MÁIS INFORMACIÓN QUE A ANTES APUNTADA.**

Dende o punto de vista académico, se o grupo/clase entra en corentena, activarase ás 48 horas dende o inicio desta o establecido nas programacións didácticas para a docencia telemática dos contidos das sesións durante un período de 10 días para os casos con PCR negativa, ou ata alta médica correspondente en caso de PCR positiva; **os conviventes con alguén sospeitoso de COVID-19 deberán permanecer na casa mentres non se confirme/rexeite o positivo na PCR. No caso de que a PCR por síntomas compatibles sexa negativa, poderase acudir ao centro con normalidade.**

No caso dos **contactos estreitos** (conviventes e contactos con -de 2 metros durante + 15 minutos sen máscara ou posibilidade de defecto no uso da mesma) deberán gardar **corentena de 10 días** de rigor aínda que o **resultado da PCR sexa negativo.**

No caso de **corentena** o Equipo Covid do centro comunicará aos afectados o seu inicio e final por correo electrónico, seguindo as directrices que estableza Sanidade.